



CIRCULAR INFORMATIVA

SETEMBRO 2019

Prezadas familias:

Dirixímonos a vostedes para achegarlles información relacionada co comezo de curso escolar. Aproveitamos a ocasión desde o Claustro da Solaina para dar a benvinda ás familias.

Reciban un saúdo e bo curso!

INFORMACIÓN

1. HORARIO DO CURSO E QUENDAS DO COMEDOR ESCOLAR:

HORARIO ESCOLAR		SERVIZOS	
Entrada	09:00h	ALMORZO (Xestionado pola ANPA e subvencionado polo Concello de Narón)	07:30 a 09:00h
Saída Educación Infantil	13:50h	COMEDOR (Xestión regulada pola Consellería de Educación)	14:00 a 16:00h
Saída 1º e 2º de EP	13:55h		
Saída 3, 4º, 5º e 6º de EP	14:00h		

ENTRADA:

Lembramos ás familias a necesidade de non ocupar os espazos habilitados para as entradas do alumnado. Isto inclúe os días de choiva, nos que a prioridade son os nenos e as nenas, polo que pregamos que respecten os espazos das filas de entrada do alumnado.

SAÍDA:

4º Ed. Infantil (3 anos):	Porta do patio de recreo de Ed. Infantil.
1º de Ed. Primaria	Porta do lateral, fronte á porta da Biblioteca.
5º e 6º Ed. Infantil (4 e 5 anos) e 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria	Porta principal do centro.

Hora de entrada das familias ao recinto escolar: 13:45.

Pola seguranza do alumnado as portas permanecerán pechadas desde as 09:15 ás 13:45. O acceso ao centro nese período débese realizar pola porta principal.

2. EQUIPO DIRECTIVO: *Director:* Xosé Nel Comba Paz.
Xefe de Estudos: José Manuel López Blanco.
Secretaria: Iria Regueiro Losada.

3. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

EQUIPO DIRECTIVO	ADMINISTRATIVA
MAÑÁS DE LUNS A VENRES: DE 09:00 A 10:30.	MAÑÁS DE LUNS A VENRES: DE 09:00 A 14:00.
TARDE: MARTES, DE 16:00 A 17:00.	TARDE: MARTES, DE 16:00 A 18:00.



4. TELÉFONOS:

Conserxaría: 881 93 03 73	Correo electrónico: ceip.asolaina@edu.xunta.gal
Dirección: 881 93 03 69	Comedor: 881 93 03 71
Secretaría: 881 93 03 70	ANPA: 881 93 03 72
Fax: 881 93 03 74	Orientación: 881 93 03 75
Móbil: 663 891 888	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasolaina/

5. ACCESO ÁS AULAS DURANTE O HORARIO ESCOLAR:

Para non entorpecer o normal desenvolvemento da actividade escolar, **as familias non poderán acceder ás aulas**. Avisen ao conserxe en caso de necesidade. Pregamos puntualidade nas entradas e saídas, así como que agarden polos seus fillos/as no horario e portas asignadas, pois disto dependerá a correcta marcha da clase e a adquisición de bos hábitos para o neno/a. Cando unha alumna/o chegue tarde, os familiares deberán entrar en Secretaría para comunicalo e encher a xustificación. No caso de ausentarse deberá ser acompañado por unha persoa adulta, que xustificará a saída por escrito na conserxaría

6. ORGANIZACIÓN DOS RECREOS NOS DÍAS DE CHOIVA:

Alumnado de 4º, 5º e 6º de EP → pavillón. Deberán traer nunha bolsa co nome do alumno/a como nas clases de Ed. Física, un calzado flexible e exclusivo para realizar as actividades, non podendo usar o mesmo calzado que traia posto da rúa.

7. HORARIO DE REUNIÓN COS/COAS TITORES/AS:


TODOS OS MARTES DE 16.00 A 17.00H

Será necesario, de preferencia, concertar a visita previamente a través da axenda do alumnado, pois desta forma o/a titor/a terá tempo suficiente para recoller información do resto do profesorado.

8. AVALIACIÓNS:

Realízanse trimestralmente, entregando os boletíns aos nenos/as o 20 de decembro, o 13 de marzo e o 19 de xuño. O resgado de cada boletín deberá ser asinado polo pai/nai ou titor/a legal da alumna/o, quen llo entregará ao/á titor/a.

9. PERÍODOS DE VACACIÓNS:



De acordo co calendario escolar para este curso 2019/2020 (DOG 28/06/2019), os períodos festivos son os seguintes:

Nadal: do 21 de decembro ata o 7 de xaneiro.

Entroido: 24 ao 26 de febreiro.

Semana Santa: desde o 4 ao 13 de abril.

Días non lectivos locais para todos os colexios do Concello: 20 de marzo e 4 de maio.



10. CAMPAÑA DE ALIMENTACIÓN:

Durante o mes de setembro todo o alumnado deberá traer a merenda saudable da casa, intentando axustarse ao menú semanal que se amosa no cadro.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
iogur	Froita (1 peza)	Bocadillo	Froita	iogur

Como se ven desenvolvendo nos últimos anos, no mes de outubro comezará a campaña “por unha alimentación saudable”, polo que o alumnado participante non necesita levar a merenda da casa. Deberán traer os utensilios necesarios para cada día (vaso, culler, pano de mesa...). Distribución:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pan e leite	Pan e froita	Pan e iogur	Pan e froita	Pan e iogur

Nos casos nos que non se participe, as familias deben comprometerse a enviar alimentos que coincidan coa campaña de cada día, é dicir, que se axuste aos almozos saudables.

PAGO DO 1º TRIMESTRE DA CAMPAÑA DE ALIMENTACIÓN: 30 €.

- ✧ Ed. Infantil (3, 4 e 5 anos): 25 de setembro (mércores) de 9:05 a 09:30h no hall.
- ✧ 1º, 2º e 3º Ed. Primaria: 26 de setembro (xoves) de 9:05 a 09:30h no hall do colexio.
- ✧ 4º, 5º e 6º Ed. Primaria: 27 de setembro (venres) de 9:05 a 09:30h no hall.

Os pagos serán recollidos polos xestores económicos da campaña, pertencentes á ANPA. Prégase a súa colaboración axustándose ao día e hora sinalados, traendo a cantidade exacta.

11. COMEDOR:

O comedor está dispoñible desde o 11 de setembro, aberto de 14:00 a 16:00. Pregamos ás familias que recollan aos seus fillos/as a partir das 15:45. A empresa subministradora e Eurest Colectividades SL. Aquelas familias que teñen que aboar unha parte ou a totalidade das cotas de uso recibirán nos vindeiros días unha **folia de domiciliación bancaria** para efectuar os pagos mensualmente. Todas as comunicacións relativas ao uso do comedor teñen que estar dirixidas á administrativa do centro. Cada día utilizan o comedor usuarios habituais, que marcan os días de uso a principio de curso, e usuarios esporádicos. Estes últimos teñen que comunicar o seu uso chamando aos teléfonos do colexio (administrativa: 881930370) **CUNHA ANTELACIÓN DE 24 HORAS**. Prégase que comuniquen as **AUSENCIAS** tamén o día anterior, aínda que normativamente é posible o mesmo día desde as 08:30 ata as 09:45. As comunicacións de uso esporádico no mesmo día van estar supeditadas ao número pechado o día anterior, independentemente da orde de relación de usuarios. Lembramos que o número total de comensais é de 92. Se con 24 horas de antelación se chegase a esa cifra, avisaríase ás familias afectadas seguindo a orde de usuarios e quedarían en lista de espera por se se producen comunicacións de ausencia ao día seguinte. Lembramos unha vez máis que a normativa establece que “os usuarios do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 9:45 horas do día que deban ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días”. Seguindo tamén a normativa vixente os usuarios/as do servizo de comedor que durante o **prazo dun mes non fagan uso do citado servizo causarán baixa no servizo**, pasando automaticamente ao final da listaxe. A xuntanza dos meses de **setembro e outubro** considerarase como o primeiro mes a ter en conta para a aplicación da medida.

12. ALMORZO

O programa de madrugadores, 07:30 a 09:00h, está xestionado pola ANPA en colaboración co Concello. Toda a tramitación tense que realizar no **novo local** (ao lado da biblioteca) nos horarios que se marcarán proximamente. Para a súa utilización será imprescindible ser socio da ANPA e pagar unha fianza.



13. Actividades extraescolares.

As actividades extraescolares organizadas pola ANPA comezarán no mes de outubro. No seu momento mandarase unha nota informativa.

14. BIBLIOTECA:

Horario de mañá: o alumnado de EP poderá facer uso da biblioteca durante o recreo.

Horario de tarde: para o alumnado de EI e de EP, dende o 1 de outubro ao 31 de maio, todos os días (agás o martes), de 16.30 a 18.00h. En setembro e xuño permanecerá pechada.

Normas para o uso da Biblioteca:

- A porta de entrada á Biblioteca será a que dá ao exterior (fronte á porta por onde entra 1º de EP).
- O alumnado poderá facer uso de ordenadores sempre co permiso do mestre/a de garda.
- Os alumnos/as de Ed. Infantil e o de 1º, 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria, en horario non lectivo, **deberán permanecer acompañados/as dun adulto.**
- O comportamento disrutivo dentro da Biblioteca vai carrear a expulsión da mesma.

15. AUTORIZACIÓNS:

Todas as autorizacións adxuntas deberán volver debidamente cubertas ao centro a través do alumnado.

16. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS:

Seguimos a utilizar a aplicación **TokAppSchool**. Para tal efecto é imprescindible comunicar as incidencias relacionadas coa aplicación e encher as autorizacións pertinentes de uso. Igualmente vaise impulsar **AbalarMóbil** para que as familias poidan consultar as cualificacións, comprobar faltas, recibir avisos e notificacións... Para ambos casos é importante manter actualizados os números dos móbiles.

17. REUNIÓNS COAS FAMILIAS NOS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO:

CURSO		DÍA	HORA	LUGAR
5º EI (4 anos)	Martes	24 de setembro	17:00	Aulas
6º EI (5 anos)		8 de outubro	16:00	Aulas
1º e 2º EP		17 de setembro	16:00	Biblioteca
3º EP		24 de setembro	16:00	Biblioteca
4º EP		17 de setembro	16:00	Aulas
5º EP		24 de setembro	16:00	Aulas
6º EP		1 de outubro	16:00	Biblioteca

18. ROUPA:

Debido á cantidade de roupa que se xunta habitualmente en “obxectos perdidos”, recomendamos encarecidamente que toda a roupa e obxectos persoais dos seus fillo/as veñan debidamente identificados (nome e apelidos da alumna/o), xa que pasado un tempo prudencial será entregado á fundación Glorr.

19. CAMIÑOS SEGUROS:

O Concello de Narón continúa coa iniciativa *Pegadas* para que o alumnado acuda aos colexios de maneira autónoma e en condicións de seguridade. Este ano comezamos o 30 de setembro. O alumnado virá só ou en compañía dun adulto, camiñando, en bici, en patinete... Se non están rexistrados, pódense inscribir na web www.pegadas.naron.es ou informarse en seguridadevial@naron.es e no teléfono 666438222.

20. AXUDAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO 19-20:

A convocatoria pódese consultar no BOE do 27-07-2019. O prazo de remata o 26 de setembro.

Narón, 11 de setembro de 2019.

O Equipo Directivo

AUTORIZACIONES

IMPORTANTE: REMITIR A TRAVÉS DOS VOSOS FILLOS/AS A CADA TITOR/A AS AUTORIZACIONES ADXUNTAS, CUBERTAS E ASINADAS, CANTO ANTES. GRAZAS!



AUTORIZACIÓN PUBLICACIÓN DA IMAXE

D./D.^a.....con DNI....., na miña condición de representante legal do alumno/a....., do curso 2019/2020 **autorizo** o tratamento da imaxe do dito alumno en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas na páxina web, blogs do centro, na revista escolar e en medios de comunicación durante o curso escolar 2019/2020.

Así mesmo, autorizo o tratamento da imaxe en contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube ou servizos de mensaxería e autorizo a posible transferencia internacional de datos, derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

En....., a.....de.....de 2019.

Asinado:.....

AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

D./D.^a.....con DNI....., na miña condición de representante legal do alumno/a....., do curso 2010/2020

AUTORIZO ao meu fillo/a a que realice aquelas actividades que o Centro planifique de xeito extraordinario, dentro da bisbarra de Narón e Ferrolterra durante o curso

En....., a.....de.....de 2019.

Asinado:.....



Autorización comunicacións vía TokApp School

Dunha parte D.^a
 con DNI nº
 Tlf e correo electrónico.....
 e D.
 con DNI nº
 Tlf e correo electrónico

AUTORIZAN ao CEIP A Solaina a enviar os comunicados a través da plataforma TokApp School actuando como tutor/a legal/nai/pai do seguinte alumnado

- 1 (Nome e apelidos)
- 2 (Nome e apelidos)
- 3 (Nome e apelidos)

Sinatura

Sinatura

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 del 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, dou o meu consentimento para que os datos de carácter persoal proporcionados neste formulario sexan incluídos nun ficheiro cuxo responsable é a empresa TokApp Online SL, cuxa relación figura na web www.tokappschool.com.

Declara estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, nos termos e condicións previstos na propia LOPD.

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NA CAMPAÑA DA MERENDA SAÚDABLE

D./D.^a con DNI....., na miña condición de representante legal do alumno/a....., do curso 2019/2020.

AUTORIZO ao meu fillo/a a participar na campaña de merendas saúdaes durante o curso 2019/2020.

En....., a.....de.....de 2019.

Asinado:.....



ACTUALIZACIÓN DE INTOLERANCIAS OU ALERXIAS

Co fin de actualizar os datos sobre as alerxias ou intolerancias do alumnado do centro (procesos alérxicos, limitación fisiolóxica ou funcional, enfermidade infectocontaxiosa ou calquera outra patoloxía que precise de coidados ou alertas especiais), detalle a continuación todas aquelas das que debemos ter constancia en relación ao seu fillo/a.

D./D.^a con DNI,
 nai/pai/titor/titor do alumno/a, fago constar
 que o meu fillo/a é alérxico ou intolerante a:

.....

Recomendacións do médico:.....

En....., a.....de.....de 2019.

Asinado:.....

ACTUALIZACIÓN DE DATOS PARA O CURSO 2019/2020

Nome e apelidos do/da alumno/a:

Enderezo:

Teléfono de urxencia:

Outros teléfonos de contacto:

.....

Recordatorio de situacións de separacións e divorcios:

.....

Recollida do(s) meu(s) fillo(s)/filla(s) establecida mediante sentenza:

.....
